

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Subvencións e axudas

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES CULTURAIS DESENVOLTAS NO 2017 E PARA FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS DE MÚSICA NO CURSO 2016/2017

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES CULTURAIS DESENVOLTAS NO 2017 E PARA FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS DE MÚSICA NO CURSO 2016/2017

O Concello de Bueu establece as bases reguladoras de concesión de axudas e subvencións públicas destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

Ademais co fin de potenciar o funcionamento das escolas de música e danza, dependente de institucións sen ánimo de lucro, o Concello de Bueu establece un apartado complementario para as bases reguladoras para a concesión de axudas a estas escolas segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

Primeira. Obxecto

1.1) Subvencionar as actividades desenvoltas polo tecido asociativo de Bueu dentro do termino municipal durante o ano 2017.

1.2) Subvencionar o funcionamento, no desenvolvemento das súas actividades docentes, das escolas de música dependentes das asociacións sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a formación musical (danza e música) e estean radicadas no Concello de Bueu, durante o curso 2016/2017.

O importe total das axudas será de vinte cinco mil (25.000) euros para o apartado 1.1 de actividades e de cinco mil (5.000) euros para o funcionamento 1.2, que se financiarán con cargo á aplicación 334.48901 do Orzamento do Concello prorrogado ao 2018.

Quedan excluídas desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención, as seguintes actividades:

- As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou para as que tivera asinado o Concello un convenio de colaboración no ano 2017.
- Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos de persoal da propia entidade agás as referidas ao punto 1.2 (escolas de música e danza).
- As viaxes de lecer, as excursións e as festas gastronómicas.



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

- As actividades que non teñan un carácter de acceso público.
- Os gastos gastronómicos, agás cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para o seu desenvolvemento.
- As actividades que non teñan carácter cultural.

Segunda. Solicitantes

Poderán solicitar o acceso ás dúas liñas as persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Ser entidades inscritas no rexistro de asociacións municipal ou estean en trámites e as entidades titulares das escolas de música e danza sinaladas no punto anterior.
- 2.- Carecer de fins de lucro.
- 3.- Ter o seu domicilio social e desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Bueu.
- 4.- Realizar actividades de interese cultural no ámbito do municipio, e representar estas o principal eido de actuación da asociación ao longo do ano. Polo tanto quedan excluídas desta convocatoria as solicitudes presentadas por asociacións con obxectivo e actividade primordial diferente á cultural.
- 5.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.
- 6.- Estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social. Non poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas asociacións que teñan pendente de xustificar subvencións concedidas no exercicio anterior do mesmo programa.
- 7.- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Terceira. Solicitudes e documentación

As solicitudes deberán formalizarse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral da Concello, no Servizo de Cultura ou en www.concellodebueu.gal e deberá achegarse, ademais, a seguinte documentación:

1.1 Actividades

1.1.1 Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade, actualizada (con código electrónico), só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta

1.1.2 Fotocopia cotexada do DNI da persoa representante legal da entidade, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

1.1.3 Memoria explicativa das actividades obxecto de subvención, asinada pola persoa representante no que consten como mínimo as datas e lugares de celebración; edicións da actividade; obxectivos de cada unha das actividades e definición do público ao que van destinadas facendo fincapé en aspectos valorables como o fomento do galego e da igualdade entre mulleres e homes; dossier de difusión e impacto da actividade.

1.1.4 Orzamento de gastos e ingresos das actividades a subvencionar, asinado pola persoa representante

1.1.5 Declaración na que conste si se solicitaron outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades para as que se solicitan a subvención

1.1.6 Declaración de que a entidade non está incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas e de aceptar as bases da convocatoria

1.1.7 Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda autonómica, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta

1.1.8 Declaración do número de persoas socias da entidade

1.1.9 Certificación orixinal dos datos bancarios ou copia cotexada co nome da entidade peticionaria

1.2) Funcionamento

1.2.1. Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal actualizada da entidade titular do centro (con código electrónico)

1.2.2. Fotocopia cotexada do DNI da persoa representante legal da entidade

1.2.3. Certificación orixinal dos datos bancarios ou copia cotexada co nome da entidade peticionaria

1.2.4.. Orzamento de gastos da escola detallado por conceptos, asinado pola persoa representante

1.2.5. Relación de persoal docente e non docente, debidamente asinada

1.2.6. Declaración do número de alumnas e alumnos que se matricularon no curso 2016/2017, debidamente asinada

1.2.7. Relación de eventos co seu lugar de realización onde actuou o alumnado da escola durante o curso 2016/2017.

1.2.8. Declaración na que conste se se solicitaron outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

1.2.9. Declaración de que a entidade non está incursoa en causas de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas e de que acepta as bases da convocatoria

1.2.10. Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social

Cuarta. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitiráselle dita convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que dea traslado do extracto da convocatoria ao BOPPO, sendo a publicación de dito extracto a determinante do inicio do prazo de 15 días naturais para a presentación de solicitudes sen prexuízo da súa inserción en www.concellodebueu.gal e no taboleiro de anuncios.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse no Rexistro Xeral do Concello de Bueu e na páxina web do Concello de Bueu <https://concellodebueu.gal/>

2. Publicidade das subvencións concedidas.

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa, e crédito presupostario ao que se imputan, beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non facelo, se terá por desistido da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Quinta. Valoración das solicitudes

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva; para a súa adjudicación teranse en conta os seguintes criterios en cada un dos apartados:

1) Actividades culturais ano 2017

1.1.) Impacto e alcance das actividades (max. 20 puntos):

1.1.2 No ámbito estatal 20 puntos.

1.1.3 No ámbito galego 15 puntos.



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

1.1.4 No ámbito supramunicipal 10 puntos.

1.1.5 No ámbito local 5 puntos.

1.2) Orzamento total das actividades (max. 20 puntos):

1.2.1 Superior aos 10.000 euros 20 puntos.

1.2.2 Entre 9.999 e 5.000 euros 15 puntos.

1.2.3 Entre 4.999 e 2.000 euros 10 puntos.

1.2.4 Menos de 1.999 euros 5 puntos.

1.3) Fomento da lingua galega (máx. 20 puntos)

1.4.1 Actividades de fomento do galego entre a infancia e a mocidade 20 puntos

1.4.2 Actividades para o fomento do galego entre o público en xeral 15 puntos

1.4) Fomento da igualdade entre mulleres e homes (máx. 20 puntos)

1.5.1 Actividades para o fomento da igualdade entre mulleres e homes 20 puntos.

1.5.2 Paridade de xénero (cun mínimo dun 60%-40%) no desenvolvemento e/ou organización das actividades 15 puntos.

1.5) Duración do programa ou actividades (máx 20 puntos)

1.6.1 Anual (que se prolongue alomenos durante 8 meses). 20 puntos

1.6.2 Mensual. 15 puntos

1.6.3 Semanal. 10 puntos

1.6.4 Inferior á semana 5 puntos

1.6) Edicións da actividade (máx 20 puntos)

1.7.1 Máis de 20 edicións. 20 puntos.

1.7.2 Entre 20-15 edicións. 15 puntos.

1.7.3 Entre 14-10 edicións. 10 puntos.

1.7.4 Entre 9-5 edicións. 5 puntos.

1.7.5 Menos de 5 edicións. 2 puntos.

2) Funcionamento escolas música e baile

2.1. Número de alumnas e alumnos matriculados no curso 2016-2017 (máx 30 puntos):

2.1.1 Máis de 100 alumnas e alumnos 30 puntos.

2.1.2 Entre 99 e 60 alumnas e alumnos 20 puntos.

2.1.3 Entre 59 e 30 alumnos e alumnas 10 puntos.

2.1.4 Menos de 30 alumnos e alumnas 5 puntos.

2.2 Número de docentes (máximo 30 puntos)



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

- 2.2.1 Máis de 8 docentes 30 puntos.
- 2.2.2 Entre 8 e 6 docentes 20 puntos.
- 2.2.3 Entre 5 e 3 docentes 10 puntos.
- 2.2.4 Menos de 3 docentes 5 puntos.
- 2.3 Orzamento da escola de música (máximo 20 puntos)
 - 2.3.1 Máis de 10.000 euros 20 puntos.
 - 2.3.2 Entre 9.999 e 6.000 euros 15 puntos
 - 2.3.3 Entre 5.999 e 2.000 euros 10 puntos
 - 2.3.4 Menos de 2.000 euros 5 puntos
- 2.3 Ámbito de participación do alumnado en eventos (máximo 20 puntos)
 - 2.3.1 En eventos de carácter internacional 20 puntos.
 - 2.3.2 En eventos de carácter estatal 15 puntos.
 - 2.3.3 En eventos de carácter galego 10 puntos.
 - 2.3.4 En eventos de carácter supramunicipal 5 puntos
 - 2.3.5 En eventos de carácter local 2 puntos

O Concello poderá requirir das entidades solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente e tamén poderá dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polas entidades solicitantes.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da actividade ou investimento que desenvolva a entidade beneficiaria.

Sexta. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao persoal administrativo que se designe quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base quinta, explicando o sistema seguido.

Posteriormente a Comisión de valoración das solicitudes de subvención realizará un estudo do informe-proposta da Técnica de Emprego Local . Esta Comisión é un órgano colexiado composto por:

- Presidencia: o concelleiro delegado da área de Cultura
- Vogalía: un vogal por cada grupo político con representación municipal. Nos casos de votacións, estas ponderaranse en función da representatividade dos grupos políticos no Pleno Municipal.
- Secretaría: a axente de emprego local do Concello, que actuará sen voto



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

A Comisión de valoración poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe a respecto das solicitudes de subvención

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente que será a Xunta de Goberno.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Logo de transcorridos seis meses a partir do día seguinte ao de remate do prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Setima. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizadas as actividades, os beneficiarios deberán xustificalas no prazo de trinta (30) días naturais contados a partir do seguinte ao da notificación da subvención.

Para cobraren a subvención, as entidades deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou a través da súa sede electrónica a seguinte documentación:

1. Instancia subscripta polo presidente da entidade dirixida ao alcalde do Concello de Bueu na que se solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na mesma.
2. Conta xustificativa que conterá, con carácter xeral e de acordo co artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 97/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a seguinte documentación:
 - Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos totais da actividade con identificación do acredor e documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. (anexo III conta xustificativa)
 - Orixinais ou copias autenticadas das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, xunto coa acreditación de ter realizado o pago. (nas facturas cun importe superior aos 1.000 € debe de presentarse o xustificante de transferencia bancaria)



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. (anexo II Declaración subvencións)
 - A acreditación de que no momento da xustificación, o beneficiario está ao corrente das súas obrigas tributarias coas Facendas estatal, autonómica e municipal, así como coa Seguridade Social, o que se fará mediante a presentación dos correspondentes certificados no caso das subvencións de máis de 3.000 € e a través da declaración responsable nos demais (agás no que respecta ao Concello, que comprobará de oficio este requisito).
3. Carteis, folletos ou outra documentación acreditativa da debida divulgación do financiamento da actividade por parte do Concello.
 4. Certificación da liquidación do orzamento de ingresos e gastos da asociación correspondente ao ano 2017.

Oitava. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

Novena. Obrigas das entidades beneficiarias

O logotipo do Concello de Bueu deberá figurar nas comunicacións, escritos e propaganda das actividade e nas escolas de música beneficiarias.

Décima. Órgano competente para a aprobación das bases

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno por delegación da Alcaldía.

Décimo primeira. Recursos

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, que se entenderá como desestimado se transcorre este período de tempo sen recibir contestación; neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.

Décimo segunda. Normativa aplicable

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei Xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro das subvencións (artigos 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto nas Bases, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento e desenvolvemento, RD 887/2006, do 21 de xuño; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Bueu vixentes, as restantes normas de dereito administrativo, as normas de dereito privado.

